



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE XERAL) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE.

Examinado o contido das reclamacións formuladas, o tribunal efectúa as seguintes consideracións:

- Reclamación formulada pola aspirante dona María Mercedes Moldes Blanco, en data 31/05/2021 (rexistro de entrada 2021024894):

Solicítase por dona María Mercedes Moldes Blanco a anulación da pregunta nº 2 do cuestionario tipo test, en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

Revisada a pregunta nº 2 polo tribunal, realízanse as seguintes consideracións:

A **pregunta nº 2** do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio é do seguinte teor literal: *Segundo o artigo 136 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (Decreto 143/2016), as ordes de execución haberán de conter: a) Determinación xeral das obras a realizar. b) Deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado. c) Deberán fixar o prazo para o cumprimento forzoso polo propietario do ordenado. d) Poderán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado.*

Segundo a recorrente a pregunta estaría mal formulada, cun erro na determinación do artigo do enunciado, invocando no seu escrito o artigo 334 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia como o precepto legal correcto.

Analizada a alegación presentada, advírtese que por un erro de transcripción o tribunal menciona o artigo correlativo da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que o artigo transcrito non se corresponde co precepto específico que regula o contido das ordes de execución no Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o artigo 334, que dispón que: *“As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar (artigo 136.2 da LSG)”*. No obstante, tanto o contido da pregunta como as opcións de resposta non dan confusión ningunha para contestar con acerto á resposta correcta dada polo tribunal, a opción b).

En base ao exposto, o tribunal acorda desestimar a alegación presentada pola recorrente.

- Reclamación formulada pola aspirante dona Noelia Neila Rouco, en data 31/05/21 (rexistro de entrada 2021024869):

Solicítase por dona Noelia Neila Rouco a anulación das preguntas nº 4 e nº 19 do cuestionario tipo test, en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

Revisada as preguntas nº 4 e nº 19 polo tribunal, realízanse as seguintes consideracións:

A **pregunta nº 4** do cuestionario é do seguinte teor literal: *Segundo o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (Lei 9/2017), as empresas que solicitaren a declaración de concurso poderán contratar co sector público: a) Cando concorran agrupadas con outra empresa que non se atope en situación de concurso. b) Cando non se atopen inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. c) Cando no concurso adquira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extraxudicial de pagos. d) Cando a empresa se atope suxeita a intervención xudicial.*

O tribunal da como correcta a opción c).



Segundo a recorrente a premisa formulada no enunciado é unha das causas de prohibición para contratar co sector público, sendo a opción dada como correcta polo tribunal unha excepción a una causa de prohibición para contratar distinta a formulada.

De acordo co disposto no parágrafo primeiro do artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no poderán contratar coas entidades previstas no artigo 3 da presente lei cos efectos establecidos no artigo 73, as persoas en quen conorra algunha das seguintes circunstancias: (...) c) Solicitar a declaración de concurso voluntario, declararse insolvente en calquera procedemento, declararse en concurso, a menos que neste se fixera efectivo un convenio ou se iniciase un expediente de acordo de extrajudicial de pagos, estea suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitados segundo a Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Neste caso debe ser aceptada a esta alegación, pois a excepción para contratar coas entidades previstas no artigo 3, entre as que forma parte o sector público, refírese ao suposto de que as persoas estean declaradas en concurso, polo que non pode entenderse ningunha das opcións dadas polo tribunal como correctas, e, en consecuencia, o tribunal acorda a anulación da pregunta nº4 e proceder a substituír dita pregunta pola pregunta de reserva nº 41.

A **pregunta nº 19** do cuestionario é do seguinte teor literal: *“Sinala a opción incorrecta. Cando unha Administración Pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración distinta e aquela entenda que é ilegal, segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015): a) Poderá requirir previamente á Administración que ditou o acto que entende ilegal, para que anule ou revise o acto b) No caso de rechazo do requirimento pola Administración que ditou o acto que entende ilegal, poderá interpor recurso contencioso-administrativo c) No caso de interposición de recurso contencioso-administrativo, quedará suspendido o procedemento para ditar resolución d) Está lexitimada para interpoñer ante o Tribunal Constitucional o conflito de competencia”*

A resposta que se deu como correcta é a opción d). A alegación formulada fundamentase en que a resposta c) é incorrecta pois a redacción comeza cunha negación que faina sintacticamente incorrecta.

Analizada a alegación presentada, o Tribunal acorda a desestimación da alegación á pregunta nº 19 presentada por dona Noelia Neila Rouco, xa que a negación a que fai referencia a interesada non é tal, senón un erro de transcripción na tradución do enunciado ao castelán, que non da confusión ningunha a contestar con acerto á resposta correcta dada polo tribunal, a opción d).

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o contido deste acordo.

MODIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA POLOS ASPIRANTES NO EXERCICIO TIPO TEST.-

Como consecuencia da estimación da alegación relativa á pregunta nº 4 do primeiro exercicio tipo test, o Tribunal cualificador acordou a súa anulación, substituíndoa de forma correlativa, pola de reserva nº 41; corrixir novamente os exercicios das persoas aspirantes con base á plantilla de solucións e publicar a nova relación das persoas aspirantes que superaron o 1º exercicio da oposición, mantendo o resto de criterios e acordos adoptados polo Tribunal na sesión do día 26/05/2021, en particular, a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponde con 17 respostas acertadas, unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas.

En consecuencia co anterior, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

Quenda libre - persoas con discapacidade xeral (unha praza)

NOME	APELIDOS	NOTA
XESÚS MANUEL	RIOS PENA	4,333

As persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo pola quenda libre - persoas con discapacidade xeral ou ben non se presentaron, non superaron o exercicio ou foron automaticamente eliminadas do proceso, ao non seguir as instrucións que obran na mesma plantilla de respostas do exercicio, de conformidade coas normas lidas polo tribunal inmediatamente antes da realización deste.





Quenda libre xeral (dúas prazas)

NOME	APELIDOS	NOTA
MARTA	BLACH SILVA	7,667
MARIA DEL PILAR	DIAZ PAVON SANCHEZ TEMBLEQUE	7,667
MERCEDES	MUNAIZ ALONSO	7,667
VICTOR LORENZO	ABELLEIRA ARGIBAY	7,333
SUSANA	VÁZQUEZ BARBOSA	7,333
MARIA DOLORES	CHAPELA GALLEGO	7,000
SEGUNDO	FEIJOO FARIÑA	7,000
MONICA	CASAS VAZQUEZ	6,667
NOELIA	NEILA ROUCO	6,333
NOA	PEREZ LORENZO	6,333
LAURA	AGRAFOJO DE SANTIAGO	6,000
SONIA	DIEGUEZ RODRIGUEZ	6,000
VERONICA	GONZALEZ GONZALEZ	6,000
ANDREA	NARTALLO POSE	6,000
JUAN MANUEL	ALVAREZ PEREZ	5,667
NOELIA MARIA	BACELO LOPEZ	5,667
FERNANDO	CORROCHANO TORRES	5,667
SILVIA	DE PEROY PEREIRA	5,667
JOSE	FERNANDEZ CAMPOS	5,667
BLANCA MARIA	FERNANDEZ NUÑEZ	5,667
ÁNGEL	MARTÍN FREIJEIRO	5,667
MARÍA BELÉN	DÍAZ SIXTO	5,333
VÍCTOR	GODOY FILGUEIRA	5,333
SONIA	JUSTO MIGUEZ	5,333
JOSE	PADIN TORRES	5,333
JESUS MANUEL	PINTOS CAPEANS	5,333
SONIA MARÍA	VARELA CRUJEIRAS	5,333
LUCÍA	IGLESIAS RIVAS	5,000
BLANCA	LIJÓ RODRIGUEZ	5,000



ALEXANDRA	TATO TORRES	5,000
MONICA	VAZQUEZ DOMINGUEZ	5,000
LUCIA	CARIDE NIMES	4,667
BARBARA MARIA	CARIDE NIMES	4,667
MARIA DEL CARMEN	DE LA CRUZ CASALDERREY	4,667
ALVARO	ESCARIZ CAMOIRA	4,667
ROSA MARIA	FRANCISCO SOUTO	4,667
BEATRIZ	GONZALEZ VECIN	4,667
CARLOS	NEIRA CORTIZAS	4,667
SARA	SAENZ-DIEZ CASTROVIEJO	4,667
MARÍA	VARELA PORRAL	4,667
SILVIA	VILLAR RIVERA	4,667
ANDRES	DEL VALLE SOUTO	4,333
MARIA BEATRIZ	DOMINGUEZ DOMINGUEZ	4,333
NOELIA	GESTAL RODRIGUEZ	4,333
JESUS ANTONIO	GULIAS SANMARTIN	4,333
MARIA JESUS	LORENZO NUÑEZ	4,333
MARIA	OLVEIRA ARCOS	4,333
ELISABETH	SERRANO VILARIÑO	4,333
LUCIA	SILVA CANABAL	4,333

As persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo e non incluídas na anterior relación ou ben non se presentaron, non superaron o exercicio ou foron automaticamente eliminadas do proceso, ao non seguir as instrucións que obran na mesma plantilla de respostas do exercicio, de conformidade coas normas lidas polo tribunal inmediatamente antes da realización deste.

RECURSOS.- Contra a resolución das reclamacións sinaladas, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, o anuncio das novas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados e reiterar a convocatoria das persoas candidatas que o superaron para a realización do **segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio**, consistente no desenvolvemento por escrito, no prazo máximo de dúas horas, dun tema de entre os incluídos na segunda e terceira parte do programa establecido na base sétima, determinado ao chou polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, **o día 7 de xuño de 2021, ás 17:00 horas na Sala Obradoiros e seminario 3 do Pazo da Cultura situado na rúa Alexandre Bóveda s/n.**





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

A Secretaria do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica

